

**Caderno  
especial**

# ***Galicia Encantada: 20 anos da Enciclopedia de fantasía popular***



**Coordina**  
Antonio Reigosa

**CALROS Solla**  
**XURXO BROZ E**  
**CRISTINA VÁZQUEZ NEIRA**  
**CAMIÑO NOIA**  
**FINA CASALDERREY**  
**ALEXANDRE PARAFITA**

**JOSÉ LUIS GARROSA GUDE**  
**CRISTINA LOMBAO**  
**MIGUEL LOSADA**  
**XOSÉ MANUEL VARELA**  
**AVELINO GONZÁLEZ**  
**NOEMÍ LÓPEZ**



**DESAFIANDO  
A TRADICIÓN  
ANTONIO REIGOSA**



**TERRA LIBERADA  
CALROS SOLLA**



**NON, 'GALICIA  
ENCANTADA'  
NON FAI 20 ANOS  
CRISTINA V. NEIRA  
E XURXO BROZ**



**LOA A QUEN  
COMIGO VAI  
CAMIÑO NOIA**



**MANANCIAL DE  
REALISMO MÁXICO  
FINA CASALDERREY**



**'GALICIA  
ENCANTADA': UMA  
LAREIRA GLOBAL  
ALEXANDRE  
PARAFITA**




**VINTE ANOS DE  
NAVEGACIÓN  
POLOS MARES  
DA FANTASÍA  
J. L. GARROSA GUDE**



**'GALICIA ENCANTADA'  
NA RADIO  
CRISTINA LOMBAO**



**UNHA GALICIA  
MENOS INÉDITA  
MIGUEL LOSADA**



**A 'GALICIA  
ENCANTADA' NA  
ESCOLA URBANA  
XOSÉ MANUEL  
VARELA**



**UNHA FONTE  
INESGOTABLE DE  
ARGUMENTOS  
AVELINO  
GONZÁLEZ**



**PETISCOS  
ENCANTADOS  
GALICIA  
ENCANTADA**



**INTRAHISTORIA DA  
GALICIA ENCANTADA  
ANTONIO REIGOSA**







## Antonio Reigosa

Zoñán-Mondoñedo, 1958

Cronista oficial de Mondoñedo. Escritor, investigador e divulgador da mitoloxía e literatura de tradición oral galega. Creador e mantedor desde 2005 da enciclopedia virtual da fantasía popular *Galicia Encantada* ([www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com)). Autor de libros infanto-xuvenís, de contos e lendas, álbums e ensaios en coautoría con X. Miranda e X. R. Cuba como o *Dicionario dos seres míticos galegos* (1999), *Contos colorados* (2001) e a colección *Cabalo buligán* (1998-2004). Recibiu premios como o Merlín 1998, Raíña Lupa 2000, Frei Martín Sarmiento 2003, Irmandade do libro 2013 e Follas Novas do Libro Galego 2021.



## Noemí López

Lugo, 1974

Vivió case sempre na cidade de Lugo onde se formou e comezou o seu camiño como ilustradora, paixón que ten desde moi cativa e o medio a través do que mellor se expresaba para compartir historias. Comezou facendo ilustracións para distintos medios e soportes, para ir pouco a pouco entrando no mundo editorial da literatura de ficción e educativa, e tamén, da man destes traballos, participar desde hai moitos anos en actividades de difusión desta profesión e forma de vida, a de narradora de historias con imaxes. É a creadora de toda a iconografía do proxecto *Galicia encantada*. É autora das imaxes da capa e da sección 'Petiscos encantados', así como da imaxe da contracapa deste caderno.

# CELEBRANDO A ORALIDADE

## ANTONIO REIGOSA

**C**elebramos que a Real Academia Galega acordase dedicar o Día das Letras Galegas deste ano 2025 ás cantareiras, personificándonos nos nomes de seis delas por seren preferentemente mulleres as que abordelaron o carro da memoria da nosa lírica popular.

Como ben sabemos, non foron só estas seis nin exclusivamente mulleres as transmisoras do noso cancionero polo que agardamos que a cidadanía entenda que tamén se trata dunha homenaxe xeral ao cancionero e a todas as persoas que desde quen sabe cando até hoxe, século tras século, xeración tras xeración, crearon, conservaron e nos legaron con orgullo o noso patrimonio oral musicado.

Celebrámolo como celebraremos no seu caso, a ser posible sen moito tardar, que a mesma institución repara no resto dos xéneros orais, en especial nos narrativos e lles dedique un día tan sinalado aos mitos, lendas e contos e aos que nolos abeiraron ao presente, pois toda a literatura oral, musicada ou non, está

impregnada do mesmo espírito e das mesmas esenciais identitarias.

Pero cando se fala de oralidade non só deberamos centrarnos na literatura pois, como se di atinadamente no manifesto publicado pola Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG, asinado por Branca Villares e Eva Teixeira, “Celebrar a oralidade é outorgar a palabra. escoitar, retroalimentarse, contar e cantar libremente o que somos, o que nos move, o que nos divirte, o que nos preocupa”. Contar, cantar, falar... Dicirnos, comunicarnos, entendernos!

Coa literatura como expresión cultural e coa oralidade como sistema de comunicación non só tradicional sempre camiña como soporte ineludible a lingua, a mesma que no caso do galego, e agora máis ca nunca, precisa, como a vida da auga, o auxilio do alento popular.

Seguramente, deberíamos pararnos máis a reflexionar máis do que o facemos sobre o inmenso valor da oralidade como pilar que sostén os valores culturais básicos de

calquera sociedade. Tamén, claro está, os da nosa.

Xa que estamos celebrando o Ano Castelao, o político e intelectual de noso que tan atinadamente reflexionou sobre o valor da lingua en todas as facetas creativas nas que se expresou, dicimos con el que “Ningún idioma alleo, por ilustre que sexa, poderá expresar no noso nome os íntimos sentimentos, as fondas dores e as perdurables esperanzas do pobo galego: se aínda somos diferentes e capaces de existir, non é máis que por obra e graza do idioma”.

Celebramos tamén, por tanto, que mantemos ergueita a bandeira esperanzada do futuro, a da lingua, a da literatura oral e a de todo o patrimonio inmaterial. Por sermos quen de conservar e divulgar o que entre todas e todos fomos rescatando da memoria colectiva, esa cerna que resiste, pese a todo, aínda que estea suspendida no gume do esquecemento. Porque *Galicia Encantada* e outras moitas iniciativas que foron agromando, aínda que o fixesen paseniñamente, aguillóannos para non claudicar.

Celebramos, así mesmo, con profundo agradecemento a complicitade das amigas e amigos que nos acompañan nestas páxinas que nos regala *Nós Diario*, pois compartimos as mesmas inquedanzas no referente á oralidade. Formamos parte da mesma leva reivindicativa e entre todas e todos, con outros moitos individuos e colectivos, procuramos acomodar, neste caso nun lugar virtual de acceso libre e aproveitándonos da tecnoloxía que o fai posible, a herdanza oral que nos foi confiada. Beizóns a Calros Solla, Cristina Lombao, Fina Casalderrey, Camiño Noia, Avelino González, Miguel Losada, J. Luis Garrosa, Alexandre Parafita, X. Manuel Varela, Xurxo Broz e Cristina Vázquez.

Non lembro nin quen nin onde aprendín que os poucos sobreviventes dunha tribo aborixe australiana se queixaban dos poucos coñecementos que recibiran dos devanceiros. Explicábano da seguinte maneira. Dicían que tiveran a desgraza de que os precedese unha xeración muda. Aínda que nada se dicía, que eu lembre, da razón pola

que eses antepasados perderan a fala, si crían que por esa causa eles non puideran recibir por ningún medio, nin sequera oral, como sería natural, os saberes ancestrais. Ao rachar a cadea de transmisión do presente co pasado, amais de convertelos en analfabetos culturais, poñías ao borde da extinción. Se non se conserva a memoria, nin temos pasado nin teremos futuro.

Celebramos e non só, xa que logo, que o proxecto *Galicia Encantada* supere os vinte anos interconectando os seus protagonistas, os transmisores e os receptores da oralidade. E celebramos, ademais, a pesar dos atrancos históricos, das persecucións e prohibicións que levamos padecido por sermos o que somos e falarmos a lingua que falamos, non termos a desgracia de que se interpuxese entre nós e os que nos precederon ningunha xeración sen voz. E se nunca fomos barco á deriva nin estivemos, nin estamos, en perigo de extinción, foi grazas aos ventos máxicos da oralidade en toda a súa dimensión.

Se venta, aínda temos onde nos amarrar!





**T**eño para min que *Galicia Encantada* comezou a súa andaina hai moito tempo, concretamente aquel día no que o meu avó, Xusto, me falou por primeira vez dos mouros do castro de Zoñán. Lémbroo ben. Roldaba o trebón. O tronido era cada vez máis forte. Por enriba da Pena da Roca e do Alto das Fiosas pairaban unhas xigantescas nubes negras.

Foi entón cando o avó, decatándose de que eu comezaba a tremelicar, non polo frío senón polo medo, mo explicou: “Aí na croa viven os mouros. Teñen a casa debaixo da terra e cando levan os cabalos beber ao rego de San Cristovo van por túneles soterrados”. Cando trona, como daquela, era que os mouros estaban xogando aos birlos. “Cada vez que escoitas un trono é que os mouros atinan coa bola e fan rolar os bolos pola lastra e máis alá”.

Eu vira moitas veces xogar aos birlos, entretemento que consistía, fundamentalmente, en lanzar unha bola de madeira con moita forza e tratar de tombar cantos máis birlos mellor, incluído o que se colocaba no centro chamado canteiro, e tentar arrastralos o

## DESAFIANDO A TRADICIÓN



**Antonio Reigosa**  
Creador e mantedor da enciclopedia da fantasía popular de Galicia

máis posible. Canto máis lonxe, mellor. Custábame crer que os mouros fixesen tanto estarabouzo pero o meu avó convenceume e eu crino.

Tempo despois, daquela eu aínda era moi inocente, comecei a preguntarlle ao avó Xusto quen e como eran aqueles mouros que

Somos conscientes de que internet representa unha nova linguaxe, chámese electrónica ou ciberlinguaxe, que racha coas maneiras de transmisión tradicionais pero que ante o perigo que supón o andazo da desmemoria, a desconexión coa tradición, pode resultar unha útil táboa de salvación, como o foi a imprenta no seu momento, para recuperar, divulgar a manter viva a nosa literatura oral.

vivían por debaixo da croa do castro. A que se dedicaban... Como eran os seus cabalos... Por que nunca os víamos... Onde sementaban o trigo... Que comían e...

Entre o avó Xusto e outras veciñas e veciños fóronme contando historias que daban respostas

satisfactorias, ou parecían, á miña curiosidade. Contáronme que aqueles mouros gardaban un gran tesouro e que unha vez lle deran parte do seu haber a un devanceiro dunha familia de Rego de Cas e que por iso se fixeran ricos os daquela casa, e tamén

me dixeron que as mouras e os mouros non eran exactamente as mesmas criaturas.

Tamén me contaron dos encantos e que na chamada Pena Grande onde se deixaba ver o demo de cando en cando, que está mesmo a carón do castro de Zoñán, tamén andaba o trasno. Así foi como, aos poucos, contado por uns e outros, fun coñecendo as marabillas da contorna do lugar onde nacín.

### Re-coñecermonos

Todo ese saber que me regalaban entusiasmábame, gozábao como o mellor dos praceres posibles nos anos infantís. Aquelas historias prenderon en min e, sen decatarme, enraizaron profundamente na miña fráxil memoria. Andando o tempo comprendín que se me estaba agasallando cun coñecemento ancestral, decantado polas sucesivas xeracións que me precederan. E o meu avó, contándome, estaba dando cumprimento a unha obriga tácita que consistía en facerme parte dun legado que me correspondía por ser eu entón o último elo dunha cadea de transmisión secular.

Ese mandado que consiste en



### Castro de Zoñán, en Mondoñedo.

/ Antonio Reigosa

contar, recrear e transmitir o que se me confiara tamén debiera ser para min unha misión se non se interpuxesen atrancos ben complicados de evitar.

Un deses estorbos constituíno a escola. Naquela escola que nos tocou en sorte non se tiña en conta para nada nin a lingua na que falábase, nin a cultura na que nos recoñecíamos como parte de algo colectivo. A escola, que no meu caso se impartía nunha casa próxima ás nosas cumpría naquel entón unha función desgaleguizante que pretendía afastarnos, en moitos caos con notable éxito, do que aprenderamos ata entón.

Ademais de obrigarnos a falar nunha lingua allea, os modelos a imitar que se nos ensinaban non tiñan nada que ver co noso mundo. E quizais o máis grave, desde aquel púlpito escolar, como sucedía desde o relixioso, insistíase en que apostásemos do que aprenderamos dos nosos maiores, convidábasenos a renegar do que se nos transmitira, incitábasenos a abrazar unha nova fe que no campo estritamente educativo consistía en forzarnos a falar noutra lingua e a renegar da nosa, en desprezar, mesmo avergoñándonos, da nosa maneira de entender a vida.

O antedito vale para a escola primaria e tamén para a secundaria. E incluso para o campo relixioso pois todos eses ámbitos de poder combatían con inenarrable saña todo o que nos ofreceran as nosas aínda limitadas experiencias.

O saber popular tradicional estaba tocado de morte. Impuxéranse os prexuízos e os menosprezos, e a isto habería que engadir un proceso imparabile, o despoboamento das áreas xeográficas onde máis e mellor se conservara a nosa identidade cultural.

Tras o pasamento do ditador, chegaron días máis felices; é certo. Ventos de liberdade axudaron a varrer a nosa ignorancia e de non sabermos nin quen éramos pasamos progresivamente a indagar de onde viñamos, que nos distinguía ou en que éramos parecidos a outros pobos e culturas. Esa revelación, coa conseguinte

ansiedade que nos xeraba, desatracounos a porta da curiosidade por saber quen éramos, sen saber que xa o sabíamos.

### Unha cultura (a nosa) por descubrir

Todo o proceso condúcenos a re-descubrir o 'gran tesouro'. Foron anos de indagación, de prospección alí onde a nosa cultura popular aínda rebulía. Onde as lendas, os mitos, os contos, os romances e outras manifestacións da oralidade resistían os embates dunha agresiva aculturación.

E todo foi de axuda. O legado que nos deixaron os sabios da Xeración Nós xa era de por si un tesouro de saberes. Os traballos de campo que comezamos a realizar, moi intensos en determinados períodos, que realizamos como Equipo Chaira (Mercedes Salvador Castañer, Ofelia Carnero Vázquez, Xoán R. Cuba e Antonio Reigosa) axudaron a destapar definitivamente o tarro das esencias.

Todo ese tempo dedicado á aprendizaxe e tamén á reflexión tivo consecuencia maravillosas. Ao tempo que iamos coñecendo a nosa propia cultura e as súas manifestacións máis singulares, decatámonos de que era preciso interpretala e, sobre todo, divulgala da mellor maneira posible, pois os esforzos que se dedicarán a perseguila con intención de aniquilala, non resultaran baldíos.

Con Xosé Miranda e Xoán Cuba, co imprescindible axuda na parte gráfica de Lázaro Enríquez, naceron o *Diccionario dos seres míticos galegos* (Xerais, 1999), os *Contos colorados* (Xerais, 2001) e, entre outras moitas obras, a colección *Cabalo buligán* (Xerais 1998-2004), 20 tomos con 198 contos, ilustrados e anotados, tirados da nosa tradición oral como nunca antes se reuniran.


### Galicia encantada, o libro virtual

De toda esa bagaxe nacería en 2005 a nosa enciclopedia virtual, apoiándose nunha nova e revolucionaria forma de transmisión de coñecementos. O salto tecnolóxico que significou a xeneralización do uso de internet a principios do século XXI vai resultar transcendental para moitos usos pero tamén para dar a coñecer a nosa literatura de tradición oral e para que coñezamos nós tamén outras literaturas populares tra-



Portalén, en Cerdedo-Cotobade. / Cristina Lombao

**AO TEMPO QUE IAMOS COÑECENDO A NOSA PROPIA CULTURA E AS SÚAS MANIFESTACIÓNS MÁIS SINGULARES, DECATÁMONOS DE QUE ERA PRECISO INTERPRETALA E, SOBRE TODO, DIVULGALA DA MELLOR MANEIRA POSIBLE**



Capa do 'Diccionario dos seres míticos galegos'. / Xerais

lega, ofertado a libre disposición a quen o desexe consultar desde calquera parte do mundo.

Nestes 20 anos de percorrido, *Galicia Encantada* foise convertendo nun referente imprescindible como punto de consulta tanto xeral como, especialmente, no ámbito escolar. Tamén estamos especialmente orgullosos de establecer pontes cos orixenarios ou descendentes de galegas e galegos que se viron na necesidade de migrar e que hoxe expanden polo mundo o orgullo de séreño. Desde os países onde foi máis intensa a arribada de galegos e galegas (Arxentina, Cuba, Francia, Uruguai, México...) recibimos centos de consultas que se acrecentan ano a ano.

Este mérito corresponde en boa parte, e así debe constar, ás numerosas persoas que desde practicamente todos os concellos galegos foron contribuíndo, paso a paso, ano tras ano, a encher de contidos este nicho virtual. E non só desde Galicia pois, aínda que en menor medida, tamén recibimos moi interesantes achegas desde os lugares de residencia de galegas e galegos que andan polo mundo, e tamén remitidos por investigadores e estudosos da cultura popular das veciñas Portugal, León, Zamora ou Asturias.

Sendo ben conscientes das limitacións que padece un proxecto como este, sen financiamento público nin privado, non podemos máis que manifestar a noso agradecemento a todas e todos, colaboradores e usuarios, pero moi especialmente polo apoio recibido desde o primeiros días por Manuel Fernández Prado, de Desenvollos Lugonet, e por Noemí López, artífice da imaxe que nos identifica na enorme lareira virtual que frecuentamos.

dicionais, irmás da nosa.

Unha ferramenta con tal capacidade máxica como a de poder entrar a través da rede informática nas casas, nas aulas ou en calquera lugar do mundo non a imaxináramos. Pura maxia. Un camiño de ida e volta que posibilita, no asunto que nos ocupa, a oportunidade real de ofrecer e recibir en rede arquivos e toda clase de documentos orais ou videográficos non a soñáramos cando comezamos a recoller porta a porta a principios da década dos noventa do século XX.

Era unha oportunidade que había que aproveitar, a de conectarnos desde Galiza con calquera lugar onde houbera interese pola nosa cultura oral. Nese contexto, con esas novas vías virtuais de comunicación naceu *Galicia Encantada* en 2005, a enciclopedia da fantasía popular de Galiza.

Esta experiencia serviunos, tras a creación en 2007 da sección de literatura de tradición oral pola AELG (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega), para poñer o xerme no seo da web deste colectivo dun arquivo que recollese todo o material producido por esta asociación en moi variadas accións e actividades e que hoxe constitúe, con enorme distancia, un dos maiores contedores de cultura oral ga-



# TERRA LIBERADA



**Calros Solla**  
Profesor e escritor

**A** web *Galicia Encantada* fai vinte anos, flor da mocidade. Conteí por riba, entre a foresta de contidos, unhas corenta entradas referentes a Cerdedo, territorio pechado sobre si. Moito me gabo de que os albarellos de Montes se exhiban neste mostrario do noso inmaterial, a canda os prodixios da Galiza enteira. Corra o ouro pró tesouro, así esperte no pobo a ansia por porfillar o sangue do seu sangue. Pobo desventurado o galego, que rexeita a herdanza dos devanceiros, degoxando aseñorarse en lingua allea.

Se non for polos andeis da Encantada, calquera pailán, ao socai-

ro dunha inútil maioría, teimaría en urrar adocido: “Esas pedras non existen!”, “Aquí non hai nada que ver!”. Renega a cacicaxe do can *ghowelo* que lle abelloe a rabañada. Do autoodio á negación.

Emporiso, queiran ou non, Cerdedo refulxe na Encantada malia esmorecer na conciencia dos propios, os que se parapeitan no letargo e na anodinia para chufarse de que non hai quen dea perturbado o statu quo.

Nada verdexa, todo terrexo baixo o pezuño dos “patufos desleigados”.

Mal que lles pese, nos predios da Encantada rexe Reigosa con pedánea vara de aguillón, e Cerdedo-Galiza florea terra liberada, porque é seiva de vizo a que pula do encantamento polas veas liberianas; porque é lustroso o gando máxico que se ofrece neste feirón de sona, e non hai chaláns –“pequenos mequetrefes sen raíces”– que ousen plantarnos un salgueiro.

Xaora, “cando a verdade sexa demasiado débil para defenderse, terá que pasar ao ataque” (B. Brecht).



Marco da Pena Verde, en Trabada (A Mariña). / Antonio Reigosa

# NON, 'GALICIA ENCANTADA' NON FAI 20 ANOS



**Cristina Vázquez Neira e Xurxo Broz**  
Museo da Terra de Melide

**S**eguiría: non fai os vinte, posto que a cousa vén de vello, se cadra dende séculos e séculos cara atrás, posto que *Galicia Encantada* non é outra cousa cunha hucha na que se garda a dote e o estipendio da tradición oral do país; mais tamén é aquela artesa na que se conserva a mantenza e a fartura dun pobo ben nutrido de saberes e costumes transmitidos ó abeiro do lume da lareira. É pois depositario do saber da gramalleira, do trespés, do escano..., todo elo alumado co escintilar da fáiisca do lume aceso.

Si, en *Galicia Encantada* habemos atopar a rexa dinastía da mourindade; o salouco e a

salmodia triste da Compañía; ou tamén o riso burleiro do trasno, da meiga e tamén do tronante. Tamén na figura de Reigosa imos ser quen de identificar ó vello patrucio, oportuno sabedor de ditos, refráns e remedios..., do conto dos lobos, dos tesouros e do encantamento..., nobre e rexa estirpe de arado, da grade e da rede..., liñaxe do ferrado e da moenda!

Si, en *Galicia Encantada* habemos atopar o caixón sen fondo dos saberes, mais tamén o caixón ben pisado e fondado no que se evita a perda da memoria. Da memoria que nos determina coma pobo cunha fonda cultura de seu, cunha fala e cunha idiosincrasia

**GRAZAS A ANTONIO REIGOSA POR ESTES 20 ANOS DE 'GALICIA ENCANTADA' E POR TERNOS CONVIDADO A COMPARTIR O SOÑO**

propia. En resumo, dun pobo cunha fonda cultura de berce e de cerna dura.

Así pois, en suma, unha mancha de grazas a Antonio Reigosa por estes 20 anos de *GE* e por ternos convidado a compartir o soño..., se cadra o delirio dun país que non minusvalore e minorice o saber e o valor do acervo, do xenuíno e do propio. Sen complexos nin vergoñas.

Graciñas de corazón, por tanto e bo. Tamén por preservar nesa hucha virtual o legado da oralidade deste recuncho do país, da Terra de Melide, de Abeanços, das terras do Furelos máis do Ulla, e dos tesos do Bocelo ó Careón.

Por sempre, *Galicia Encantada*.



# LOA A QUEN COMIGO VAI



## Camiño Noia

Catedrática emérita da Universidade de Vigo, Mestra da Memoria da AELG

Neste tempo, coa lingua galega en recesión e os soportes dixitais invadindo as nosas vidas, falar de literatura de tradición oral resulta anacrónico para gran parte da sociedade. Non saben as novas xeracións que nesa tradición está o saber dos antepasados, a base da nosa identidade como pobo; o que xustifica que sexamos un país diferente. As raíces culturais de Galicia non están nos libros, están nas creacións da oralidade. “A escrita é unha cousa e o saber outra. A escrita é a fotografía do saber, mais non o saber en si”, como dixo o folclorista malinense Tierno Bokar.

E boa parte do saber dos nosos antepasados está recollido no sitio web de *Galicia Encantada*, onde os creadores foron gardando durante catro lustros mitos, lendas, crenzas, roman-



Pena Grande, en Zoñán (Mondoñedo). / Antonio Reigosa

ces, cantigas, paremias e historias realistas ou fantásticas cargadas da sabedoría.

*Galicia Encantada* é unha enciclopedia do noso singular e universal mundo imaxinario, un excelente repositorio da tradición popular galega repartida en 33 categorías, desde “Alén, máis alá” ata “Xogos”. Unha variedade de materiais nos que hai literatura, toponimia, medicina, astroloxía, publicacións sobre folclore, etc. Unha serie de coñecementos imprescindibles para quen nos interesamos por esas cousas.

Fundaron unha auténtica cátedra de etnografía e folclo-

re; o que nunca fixo a universidade galega, que ignorou, ou minusvalorou, a rica produción literaria que circulaba no ámbito rural aínda nos inicios do século XX, cando o SEG tratou de suplir esa deficiencia recollendo material etnográfico e folclórico polas parroquias de Galicia.

Anos despois, o Museo do Pobo Galego substituíu o SEG na conservación do noso patrimonio tradicional. E no século XXI, coa colaboración de iniciativas persoais, sobrancea desde hai vinte anos *Galicia encantada*, unha agra aberta onde medra a cultura popular.

# MANANCIAL DE REALISMO MÁXICO



## Fina Casalderrey

Escritora e académica da RAG

Despois de 20 anos desde que *Galicia Encantada* botase a andar, é bo momento para “volver”, para regresarmos á xénese; mais, ao contrario que o melancólico tango de Gardel, esta efeméride é motivo de ledicia, de celebración coa fronte erguida.

Por providencial casualidade este aniversario coincide co ano en que a Real Academia Galega dedica o Día das Letras ás cantadeiras, esas mulleres que terminaron da lingua, transmitíndoa as novas xeracións da maneira máis sedutora. A rica literatura anónima e oral é parte imprescindible do elo cultural da nosa terra.

Persoalmente non podemo agradecer publicamente

o que esta iniciativa nos aportou nas escolas. Mestras e mestres do meu tempo vivimos en directo o entusiasmo contaxioso do “descubrimiento”. A finais dos anos setenta, principio dos oitenta comezaban a revelárenos algúns dos tesouros culturais que nos ocultara a ditadura. Demos en reparar doutra maneira na literatura popular: unha lenda aquí, unha historia da Santa Compañía alá, unha cantiga, un heroe mítico acolá... Tratábanse de floriñas ventureiras que agromaban espontáneas. Facíamos pequenos ramallos, conscientes de que era unha boa maneira de despertar curiosidade por sabermos máis de nós e camiñarmos cara a unha necesaria normalización da lingua. Revistas escolares daquel tempo dan fe do que afirmo.

Antonio Reigosa obrou o prodixio de converter aquelas flores soltas en frondoso xardín, que non para de regar acotío. Un xardín ao que podemos acudir a miúdo para nos enchoupar de nós, do noso.

Como autora de LIX, tamén bebín neste manancial de realismo máxico para varias das miñas historias.

Grazas, Antonio. Feliz aniversario!

# 'GALICIA ENCANTADA': UMA LAREIRA GLOBAL



## Alexandre Parafita

Escritor e etnólogo

Houve tempo em que o fenómeno da internet e as tecnoloxías que lle están asociadas presagiavam un desastre para a cultura popular, en especial para as manifestacións e expresións do patrimonio cultural imaterial mais profundo e identitario dos povos. Uma preocupação alinhada com o avance da globalización, pelo efecto homogeneizador que pro-

duz em toda a dimensão da vida social e cultural.

Felizmente, vamos assistindo a excelentes exemplos que contrariam um panorama que se adivinharia mais catastrofista dos impactos na cultura. Afinal, os anos passam e a reinvenção de instrumentos e mecanismos que a internet propicia vem-se revelando uma realidade plástica que entretece múltiples formas

de salvaguarda e divulgação dos bens culturais imateriais, com os seus cânones, os seus mediadores e consumidores.

Assume, neste quadro, notável importância o fenómeno *Galicia Encantada*, enquanto enciclopedia virtual do patrimonio cultural imaterial, mas também como projeto científico que se renova a cada ano, nas suas dinâmicas de investigación, nas suas temáticas,

metodoloxías e abordagens epistemolóxicas.

Com a *Galicia Encantada*, os sistemas hipertextuais da internet, não só reforçan a magia dos conteúdos mítico-lendários, como potencian uma dimensão galvanizadora da cultura dos povos. O que é preciso é saber tirar partido dessas novas oportunidades. Veja-se o caso das redes sociais, a que eu já chamei “as lareiras do séc. XXI”.

# VINTE ANOS DE NAVEGACIÓN POLOS MARES DA FANTASÍA



**José Luis Garrosa Gude**

Profesor e investigador da literatura tradicional

Os aniversarios, as conmemoracións e, en fin, as datas sinaladas son sempre unha boa escusa para facermos balance e reflexionarmos sobre os obxectivos acadados e as tarefas que aínda quedan por facer.

E co gallo desa revisión de labores, podemos concluír que Antonio Reigosa debe sentirse non só satisfeito, senón tamén plenamente orgulloso por todos os éxitos que o seu traballo

continuo –e á vez tan discreto– procuraron a Galicia e á súa cultura.

Aínda que *Galicia Encantada* é só un dos seus múltiples proxectos, sen dúbida é tamén un dos máis frutíferos, xa que continúa ofrecendo novos contidos despois de dúas décadas na rede e constitúe, hoxe mesmo, un sitio de consulta obrigada para calquera persoa interesada en coñecer máis sobre o noso folclore. É, xa que logo, unha ferramenta utilísima tanto para o investigador que queira obter datos precisos e fiables para os seus estudos etnográficos ou filolóxicos coma para os lectores que só busquen saber máis sobre os nosos seres e lugares míticos ou gozar cos maravillosos relatos que foi tecendo o imaxinario do pobo ao longo dos séculos.

Pero Reigosa non se limitou a reunir un monumental arquivo de etnotextos, escurpulosamente identificados e clasificados, senón que, desde

un principio, quixo que esta enciclopedia da fantasía popular fose un auténtico recurso interactivo en liña e que os lectores puidesen enriquecela aínda máis coas súas achegas e multiplicar así o seu alcance.

Tampouco queremos deixar de salientar o interese didáctico desta web, aberta decote á colaboración cos centros educativos, o que dá fe da sensibilidade do seu creador, quen permitiu que todo ese patrimonio inmaterial fose un tesouro compartido e recreado polas distintas xeracións de galegos, algo moito máis valioso ca unha peza de museo illada do seu contexto espacial e temporal.

Vaian, pois, os nosos parabéns para *Galicia Encantada* e, sobre todo, para aquel pequeno de Zoñán que sempre tivo querenza polas historias de encantos e de mouros e que soubo inmortalizalas e levalas da súa aldea da infancia ao universo de Internet.

# 'GALICIA ENCANTADA' NA RADIO



**Cristina Lombao**  
Xornalista da CRTVG

Cando no verán do 2007 me ofreceron a posibilidade de presentar e dirixir un programa na radio na que levaba traballando case vinte anos, a pesar da vertixe, decidín arriscar.

Desde que aceptei a proposta, comezaron a xurdir ideas, espazos e persoas coas que quería contar, voces que cría debían ser escoitadas, e entre elas estaba *Galicia Encantada*.

Cada xoves, *Galicia Encantada* abría as súas portas no programa O tren do serán da Radio Galega, e na compañía de Antonio Reigosa os oíntes, as oíntes, coñeceron persoas excepcionais, como Elva Requeijo, unha enciclopedia viva de coplas e romances, a

Manuela Cortizo, a 'Montserrat Caballé de Cerdedo', en palabras de Calros Solla, e tamén puideron escoitar as voces de Xesús Mato, Jose Manuel Pedrosa, Valentín Arias e Felix Castro Vicente, só por citar uns poucos.

E como a radio ten maxia, permitiunos recoller o feedback dos oíntes que mandaban as súas historias, aportacións valiosas sempre, que nos indicaban que o espazo era ben acollido.

Moitos anos despois, un compañeiro deume unha alegría máis. O libro de exercicios de galego de sexto de primaria, recollía un anaco daquel espazo radiofónico, para que os nenos e nenas traballaran sobre tradición oral.

As novas tecnoloxías permiten que as palabras non as leve o vento, senón que queden fixadas, cheas de cores e matices para volver saborealas, sentilas, tantas veces como queiramos.

Esas historias que se escriben cos labios e se len cos oídos son das que aínda podemos gozar hoxe grazas ó traballo de Antonio Reigosa e *Galicia Encantada*.

# UNHA GALICIA MENOS INÉDITA



**Miguel Losada**  
Antropólogo

É cousa senlleira que na Lingua Galega e no Dicionario, a identidade xeográfica de Galicia como país sexa unha realidade que é, á vez, literaria.

Así tal, o País ferve de tantas mouras coma penedos; inzan os túneles, campan os tesouros e madurecen decote os froitos da árbore do maxín. Galicia e dependido do anterior, é tamén un se-

gredo deitado á vista de calquera, no que cada lugar rende ben cetro dimensións. Cousa esta que, cando santos e santas a levedan, dálle a Galicia ese sabor arcano que a xente sabedora aprecia. Mais por riba diso, Galicia vén sendo inédita en tanto que carece, de xeito endémico, de edición. Galicia é así e en grande medida, unha cultura de produto: Unha cultura de calidade, proximidade

e autenticidade nun contexto moito mais amplo que consume, cada vez mais, produtos procesados e inventados nun panorama de novidade e tendencia. Ó contrario, na Enciclopedia *Galicia Encantada* hai unha porta cara ese País que, compre entendela, non por imaxinario deixa de ser verdadeiro. Así o afiúza a nosa Lingua. A Enciclopedia *Galicia Encantada*, hai xa vinte anos, que nutre e alimenta,

mantén e fomenta a nosa cultura como produto. Ela é o gran colmado dixital dos que coma min, ínfimo dos cocineiros culturais, gastamos e consumimos cultura galega e temos dado a cheda editando contidos. A Enciclopedia *Galicia Encantada* é un modelo exemplar desa vontade de edición; probablemente o mais completo mapa do País e territorio que, fielmente, representa. Por moitos anos.



# A 'GALICIA ENCANTADA' NA ESCOLA URBANA



**Xosé Manuel Varela**

Docente de Lingua e Literatura Galega

Como as raíces nativas do seu creador, Antonio Reigosa, a Enciclopedia Virtual *Galicia Encantada* ten apelidos e inspiración cunqueiráns. Porque a maxia que desprenden todos e cada un destes textos de raíces orais aquí compilados xurdiron do enorme poder da imaxinación da comunidade. Grazas a este abeiro fican e ficarán por sempre rescatados na nosa taleiga da identidade. Fagamos ese pequeno esforzo de pórllas padal e degustalos a cada pouco como pinga de mel dunha florida primavera.

Nas aulas este espazo virtual é recurso imprescindible, ou digamos mellor inevitable, se queremos traballar o amplo elenco das manifestacións orais que aquí se gardan como ouro en pano.

Nun ámbito urbano, ante a fractura da transmisión interxeracional da oralidade, é fonte de auga fresca onde o alumnado satisfai a súas acentuadas carencias.

Nunha cidade como A Coruña, receptora constante de poboación de orixe rural, aos discendentes *Galicia Encantada* sérvelles de elo condutor con esas aldeas de seus pais e avós. Grazas a ela ven tatuados nas pantallas dos seus móbiles, pantallas ou ordenadores toda unha xeografía da literatura popular que para moitos é e será a única herdanza que recibirán da terra dos seus devanceiros.

Debullamos cada conto ou cada lenda escollido por lugar de procedencia, ou proximidade a el, ou polo interese temático que demanden os nosos usuarios das aulas. Lémoslos, contámolos, narrámolos, dra-



Ponte das Partidas, en Ponteareas. / Antonio Reigosa

matizámolos, sacámoslle o que nos pete e engadímoslle o que nos dea a gana. Porque si. E facémolos nosos para que nos prenden na alma.

Nunha nefasta realidade onde o alumnado tan só coñece única e exclusivamente a lenda da

Torre de Hércules, a través de *Galicia Encantada* mergullámonos nun rico mar de lendas que se brinda como fértil caladoiro onde lanzar redes e traer a bordo os topes de cada marea.

Como docente, *Galicia Encantada* é a seguridade de

contar cun recurso atractivo para traballarmos nas aulas e a maiores que nunca defrauda entre os usuarios.

Polo tanto, e parafraseando a don Álvaro, xa están vindo aí polo camiño mil primaveras máis para *Galicia Encantada*.

# UNHA FONTE INESGOTABLE DE ARGUMENTOS



**Avelino González**

Actor e narrador oral

Nos seus contidos recoñeces argumentos de *Harry Potter*, *O Señor dos Aneis*, *O Hobbit*, *O Quixote*, *Disney*, *Xogo de Tronos*, de películas ou series de xénero fantástico, de videoxogos, memes...

Dous capítulos de *Padre Casares*, por exemplo, usaron argumentos de *Galicia Encantada* convenientemente adaptados e reescritos, como nos exemplos anteriores. Porque a tradición é globalizadora e integradora – de verdade, non como a outra –, diversa, adaptada ó medio xeográfico e ós cambios sociais, e incorpora novidades!

Por isto é inesgotable, coma os tesouros dos mouros. Por-



Fonte de Santo André de Teixido, en Cedeira. / Antonio Reigosa

que os mitos, a fantasía, apelan ó máis humano: á necesidade de entendermonos a nós e de entendermos o mundo (a base da ciencia e da creatividade).

No meu contar estas historias, prodúcese un fenómeno de re-coñecemento; na xente quedan ecos alá no fondo da memoria e da emoción, verbalizados nun

“Siiii, sabía esa historia!”. Grazas a *Galicia Encantada* por preservarnos, re-coñecernos e lanzarnos ó futuro. Sei de dous proxectos audiovisuais en marcha baseados en *Galicia Encantada*.

E os que quedan por vir! *Galicia Encantada* demostra que Galiza é unha terra de marabillas e de xente imaxinadora, creadora xa que logo. Temos e quedanos moito por contar, por desenvolver argumentos de todo tipo pra contos, novelas, películas, series, videoxogos, memes...

Na tradición temos a base da nosa orixinalidade. En *Galicia Encantada* está organizada e a dispor.

Pra guionistas, adolescentes e xente imaxinadora en xeral.



# PETISCOS ENCANTADOS

Estes 'petiscos encantados' foron reelaborados e, xeralmente, abreviados para esta publicación polo coordinador deste caderno e da enciclopedia da fantasía popular galega. Se algún destes relatos é do seu interese, recoméndase consultar tamén a versión orixinal directamente na web ([galiciaencantada.com](http://galiciaencantada.com)).

## A ánima en coiros

En San Vizenzo dos Vilares, Guitiriz (Lugo), vivía unha muller vella, ruín e malvada. Tiña barba e ameigaba xente e gando ata causarlles a morte.

Cando morreu, ningún veciño a chorou. Soterraron o seu corpo pero a súa ánima comezou a andar en coiros por entre as casas da parroquia, e á media noite, sentíana ladrar como unha cadela adoecida.

E así botou moitas noites, torturando a veciñanza, exhibindo o seu corpo peludo, engurrado e espido, botando maldicións contra todo o que se lle poñía por diante.



A carón do lume (Citania, Lugo 1999)

## A Sabia de Torbeo

Chamábase Filomena Arias Armesto (Ribas de Sil (Lugo), 1865 – 1938). O poder de curar veulle de repente, un día que foi beber auga á fonte da Cruz e se lle meteron no corpo cinco cadelos (demiños). O párroco esconxurouna pero só lle puido tirar dous. Tivo moita sona como curandeira tanto en Galiza como no norte de Portugal. Ademais era vedoira e axudábase dunha medium que ela chamaba “La niña”. Sabía onde había tesouros, ás veces ladraba como os cans e cando entraba en éxtase, falaba castelán.



Cuba, X. R., Reigosa, A. e Miranda, X.; *Diccionario dos seres míticos galegos* (Xerais, Vigo 1999)

## A campá do inferno

Á igrexa de San Martiño de Noia (A Coruña), construída no s. XV, fáltalle unha das torres, a esquerda, disque porque o que a construíu morreu antes de rematala. Quedou a maldición. O director de cine Claudio Guerín (Sevilla, 1939) gravaba na mesma igrexa a película “A campá do inferno”. Seica simulara con material funxible a torre que falta pero cando andaba nun andamio situado entre as dúas torres a 20 metros de altura, caeu e estampouse contra o chan da praza do Tapal o 16 de febreiro de 1973.



Agrafoxo, X.: *Pilar Miró e Claudio Guerín na praza do Tapal de Noia* (La Voz de Galicia, 12.12.2007)

## Os curandeiros chineses

A nova saíu no xornal Galicia, nº 67, o 24 de marzo de 1912. Diciase que uns curandeiros, dous homes e unha muller, procedentes de Portugal, chegaran a Santiago en tren o 21 de marzo. Dedúcese que son chineses polos trazos faciais e porque locen trenzas. Instálanse no Camiño Novo, 38. Están especializados en curar dores dos dentes e dos ollos. O método consiste en extraer cunha agulla de entre as moas uns bechos que se parecen moito aos vermes das cereixas. Tamén presumen de sacar roncós dos ollos.



Los curanderos chinos (Gaceta de Galicia, nº 67, 24.03.1912)

## A vella do arco da Vella

Onde pousan os extremos do arco da vella hai un tesouro e a persoa que pasa ou mexa debaixo del, cambia de sexo; xeralmente de varón a femia. Se é home, ademais, pode secarlle o pistolo. En cambio, se unha muller salta ou pasa un sombreiro por riba del, pouco probable, converteríase en varón. Quizais teña que ver con isto o esconxuro "Arco da vella vaite de aí, que as nenas bonitas non son para ti". Cando ten sede bebe nos ríos, nos encoros ou nos mares quita a gorra, unha pucha feita de pedras preciosas que enriquecería a quen conseguise roubarlla.



Texto elaborado por Galicia Encantada

## O corpo mao

Chámase *corpo mao* ao dunha persoa viva que estando sa é posuída pola ánima dun falecido que foi malvado antes morrer. A estes doentes levábanos ao santuario de Teixido, en Cedeira (A Coruña) onde un crego chamado Miragalla os sometía a este ritual. O enfermo poñíase de xeonllos mentres o crego lía os evanxeos. Nun momento dado, o enfermo sinalaba un punto na parede e dicía:  
–Non a ve, señor? Foise! O demo que a leve!  
O que se vía era unha salamántiga, que era a figura que tomara a ánima do malvado ao saír do corpo do doente.



Bascoy Pérez, R.: *La comarca del Ortegal en el II milenio antes de Jesucristo* (Ortigueira, 1954-1960).

## O tesouro de Caaveiro

Non lonxe do mosteiro de Caaveiro, na Capela (A Coruña) hai un tesouro moi grande que pertencía aos frades que viviron alí. O tesouro está debaixo dunhas penas e os frades cando o gardaron rodeárono con cordas que imitaban cobras para que ninguén llelo roubase.

Un día, uns veciños de por alí intentaron facerse co tesouro. Cando descubriron onde estaba, cavaron e destapárono pero cando un deles lle ía botar a man, púxoselle por diante unha cobra de dúas cabezas. Parece que o tesouro aínda segue alí e que ninguén ousa facerse con el.



Manifesto de Caaveiro, revista O Retorno, nº 3: Museo Etnográfico de A Capela, 2009

## Teresa da Creería

En Pena Rubia, Vilisome, Anllo, Sober (Lugo) vivían uns mouros aos que lles cocía o pan unha muller chamada Teresa da Creería. Unha vez, mentres ela preparaba o amasado, os mouros foron buscar leña, deixaron unha ola no lume e rogáranlle á panadeira que non mirase a pota. Pero ela mirou e viu dentro da pota unha caveira cos pelos requichados.

Teresa colleu medo e botou a correr pola ribeira cara á casa. Os mouros xa volvían coa leña pero ao vela correr, berrábanlle: Teresa da Creería, volva pola pineira! E ela contestáballes: Non volverei, non, anque de ouro se volvera!



Grupo "O Tricole". Sober (Lugo).



## O xogo chamado 'Rabo do corzo'

Chamábase así un xogo que consistía no seguinte. De tres rapaces, a un que facía de corzo atábanlle uns brincollos de palla manchados de trollo, simulando un rabo de corzo. Aos outros dous tocáballes o papel de cans e corrían tras o corzo. Os demais participantes no xogo, entre os que estaba o destinatario da traxugada, situábanse formando un corredor por onde tiña que pasar o corzo. Tiñan que estar atentos porque o que agarrase ao corzo polo rabo era o gañador, un vencedor que só conseguía poñerse perdido de lama. Ás veces o vencedor enrabechábase e lixaba aos compañeiros de xogo co rabo do corzo enfoulado.



José M<sup>a</sup> Carricoba Armesto. Rexistrado en Donís (Cervantes, Lugo)

## O tesouro do castro da Graña

“Do Castro da Graña [A Capela, Toques (A Coruña)] parten dúas veas, unha de ouro, que vai parar ó Castro de Paradela, e outra de alcatrán que chega deica o Castro Pedro. A vea de ouro está tan superficial que por riba dela andan os carros, so que non se ve, porque o ouro aquel imítase á pedra. A carón destas veas hai minas que van fondas por baixo da terra, e que non son outra cousa que os camiños que teñen os mouros para comunicarse os dun castro cos doutro”.



Risco, V. e Rodríguez, A.: *Terra de Melide*. Seminario de Estudos Galegos, 1933

## A peregrina decapitada

Cando a Reconquista, trece cabaleiros cristiáns xuramentáronse para defender os peregrinos que pasaban camiño de Santiago. Nas proximidades da Torre de Doncos, no concello das Nogais (Lugo), un fato de xinetes musulmáns atacou unha parella de peregrinos. Un deles conseguiu coller a dama e fuxir con ela sobre as ancas do seu cabalo.



Un dos cabaleiros viuño desde a torre, chamou aos compañeiros e entre todos perseguiron ao secuestrador. O musulmán, véndose acurrulado, segoulle o pescozo co seu alfanxe á prisioneira e desde entón, en memoria daquel crime, a Torre de Doncos tamén se chama Torre da Grupa.

Miranda, X. e Reigosa, A.: *Arrepíos e outros medos. Historias galegas de fantasmas e de terror* (Xerais, 2004).

## Como se para un muíño

Pola parte de Zamora non coñecían os muíños de auga así que chamaron uns galegos para que lles fixesen un. Fíxeronllo e puxéronllo a andar, e cando acabou de moer o gran que había, marcharon. Entón foi cando se deron conta que non preguntaran como parar o muíño. Foi o crego, botou unhas xaculatorias e nada. Probou a meter a cabeza contra a pedra, por ver se o muíño respectaba a súa coroa, pero rabizoulla.



Accidentalmente, unha vella caeu na canle, trancou o paso da auga e parou o muíño. A partir dese día os de por alí cada vez que queren parar o muíño, atrancan unha vella na cal.

López Rodríguez, X., blog *Brumoso*. Hermisende (Zamora)

## Pena Roldán

No lugar de Reboira, Os Vilares, Guitiriz (Lugo) hai unha peneda enorme con tres grandes fendas lonxitudinais. A finais do século do XIX construíuse ao lado da pena unha casa, actualmente propiedade de Agustín de Roldán. Chámase Pena Roldán porque cando o paladín Roldán regresaba de axudar ao apóstolo Santiago nas campañas contra os mouros pasou polo lugar e coa espada fíxolle as fendas á pena e aínda lle deixou riscada unha cruz na parte superior. Desde dentro da pedra escóitase a voz Roldán e a do seu cabalo.



Pérez, C.: *El Progreso*, 18.03.2006.

## A serpe que mamaba na moza

Isto pasou en Friol (Lugo). Unha muller parida de pouco deixaba os labores cada tres horas para darlle de mamar ao seu fillo. Segundo ían pasando os días, o neno, vese que o apertaba a fame, pedía teta antes das tres horas. Un día que choveu a avoa da criatura botou serraduras pola casa e a nai, despois de aleitar o neno, adormeceu. Cando espertou viu sobre as serraduras unhas pisadas que non coñecía. Chamou ao marido que seguiu as pisadas pola casa e descubriu unha serpe debaixo dunha lacena. Matouna e ao abrírlle a barriga viu que estaba chea de leite.



Información de Francisco Lendoiro, Oleiros (A Coruña)

## A herba peliqueira

Só se pode atopar no máis profundo das covas ou dos foxos aos que nunca cheguen os raios do sol nin as xeadas. De chegaren, a herba perdería todas as súas propiedades, das que a principal é atopar tesouros.

Des que se apaña hai que cocela en auga collida en sete banzados e tomar a cocción durante doce días. Se todo se fixo como se ordena, á noite seguinte a persoa soñará o lugar exacto onde se atopa o tesouro e información tan valiosa como a que profundidade se atopa e incluso a forma do recipiente onde se garda.



Folgar Crestar, A., *Historia de Moraña y tradiciones gallegas* (Imp. Paredes, Pontevedra, 1975)

## A bruxa da aldea

Esta historia levouna para o Brasil un home da Cruz dos Montes, concello de San Amaro (Ourense) e enviouna un seu neto brasileiro.

Contáballes que desde unha ventá da súa casa vira vir en liña recta cara a casa un vulto que resultou ser unha muller cun vestido negro e un lenzo na cabeza. O avó que aínda era neno daquela, tomou medo pero non se apartou da ventá ata que a muller se puxo a rentes. Entón, o avó dixo: Xesús, Nosa Señora! E entón a muller aquela, que para o avó era unha bruxa, virou e afastouse polo camiño para seguir andando, sempre en liña recta.



Información de Romyr Conde García, Cáceres-Mato Grosso, Brasil



## O derradeiro habitante de Vedro

O derradeiro habitante de San Miguel de Vedro, en Nebra, Porto do Son (A Coruña) foi un home que tiña un can para defenderse dos lobos. O can era tan bo que un señor feudal de por alí quixollo mercar pero o home non llo quixo vender nin por todo o ouro do mundo.

O caso é que un día, o can desapareceu, roubárallo o señor aquel, e o home, ao verse indefenso, abandonou o lugar. A campás da capela de Vedro, que ao parecer eran de ouro, levounas a auga e agora están no fondo do Pozo Negro do río de Queiro, onda o muiño de Cubelo, chegando a Resúa.

Suarez Caamaño, J.: *Nebra, un lugar por descubrir* (Comunidade de Montes de Nebra, 2005)



## A fonte que mana millo miúdo

A fonte da Mina do Mato das Cruces, parroquia de Salcedo (Pontevedra), ten sona de deitar auga moi boa para as doenzas, especialmente dos ollos. Unha vez mandaron unha moza dunha casa de por alí buscar un balde de auga á fonte pero, en vez de auga, a fonte botaba millo miúdo. A nena encheu o balde de millo ata tres veces pero volveu para a casa sen auga. Cando a nai lle preguntou que pasara, ela contoulle. Entón foron as dúas á fonte e viron que só botaba auga pois o millo só o pinga diante de persoas inocentes, sen maldade.

Quintía, R.: *Heichas contar. Contribución ao corpus mitolóxico galego* (Ab Origine Ed., Pontevedra, 2019)



## A ponte das Febres

Telmo pasaba por unha vella ponte cando ía visitar a súa amiga, María Magdalena. Ao regreso dunha desas visitas, era inverno e chovera moito, Telmo non viu a ponte pois o camiño estaba asolagado. E como non había outra maneira de pasar, quixoo facer pola auga pero sen éxito. Pedro González Telmo, o que despois sería San Telmo, enfermou e tivo moita febre, e decidiu volver á casa de María Magdalena pero ao cruzar o río, morreu. Agora nesa ponte, paso do Camiño Portugués a Santiago, permanece o espírito de San Telmo, advertindo a quen quere cruzar por alí que teña coidado co río.

Información de Brais, Ribadelouro, Tui (Pontevedra)



## Repasando a touca

Estaba un home no leito a punto de morrer, parecelle que se sentía algo mellor e berrou pola muller para lle pedir unhas papas. Mais como a muller non respondese baixou á cociña e encontrouna repasando unha peza de roupa negra.

–Que fas que non estás na cama? – preguntoulle a muller. // –Quería unhas poucas papas, que teño debilidade. E ti que coses? // –Repaso esta touca que me vai facer falla hoxe para o loito.

E o home cae no chan estarricado, xusto ao tempo no que, pasada a derradeira puntada, a muller facía voar a touca para deixala pousar por enriba dos ombros.

Remitido por Xabier P. DoCampo desde A Coruña



## Ponte Pedriña

Un mozo de Santa Cruz roldaba unha moza da outra beira do río. Para ir xunta dela cruzaba polas poldras pero unha vez unha enchente impediulle atravesar. O mozo botaba xuramentos e maldicións cando se lle presentou o demo e propúxolle un trato: traballaría toda a noite para construírle unha ponte se o mozo lle entregaba a alma cando morrese.

O mozo aceptou o trato e o demo en chegando a noite púxose a facer a ponte. Pero cando amecía aínda lle quedaba unha pedra por colocar. Contrariado polo contratempo o demo seica dixo:

–Por culpa dunha pedriña nunca me fuches pagada!

Recolla de Rosa Martínez García en Santa Cruz, Bande (Ourense), revista virtual Setestrello



## Marco de san Lourenzo

Divide dous concellos coruñeses e catro parroquias: Maniños e Limodre, de Fene, e Laraxe e San Martiño do Porto, de Cabanas. Dise que foi a ara do altar da capela dedicada a san Lourenzo ata que estouparon uns foguetes almacenados no interior e derrubaron o edificio. Arredor fanse rituais contra meigallos, aollamentos e envexas, e tamén para regular a fecundación das mulleres.

Hai quen leva anacos da pedra para a casa, que pendura do pescozo ou leva no peto como amuleto. Os días propicios para pedir o favor da pedra son os venres e os martes primeiros de mes, preferentemente de noite.

Loureiro, E.: *Límites parroquiales, límites simbólicos, conmemoracións: o marco de san Lourenzo*, Catedra, nº 10, 2003.



## Unha misa na noite

No Vilar das Ameixeiras, San Vicente de Aro, Negreira (A Coruña) cando un labrego regresaba ao anoitecer cara a casa, tras pasar varias horas moendo no muiño, viu a porta da igrexa aberta e dentro luz. Sentiu cantar, a pesar de estrañarlle que houbera misa a aquelas horas e cando entrou viu un crego oficiando misa e varios fregueses atendendo, todos de costas para a porta.

Cando os de dentro deron a volta cara a el, o paisano ficou aterrado. Todos eran esqueletos, o crego incluído. Á mañá seguinte, atopárono tirado no adro da igrexa, medio ido e esbardallando.

Información de Serxio González Souto, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra



## O libro do crego de Ríoaveso

Pasou en Xeada, Ríoaveso, Vilalba (Lugo). O crego tiña un libro que ao lelo cando había trebón conseguía apartar a sarabia para onde non fixesen mal. En certa ocasión, un neno, ao descoido, colleulle o libro, púxose a ler e comezou a levitar. Entón, o crego berroulle:

–Ah, paxaro! A ver se me podes mandar o libro aberto!

E mandoullo mentres o neno permanecía suspendido no aire.

Entón, o crego púxose a ler ao revés moi amodo na folla onde lera o neno, e o neno foi baixando ata pousar os pés no chan. Se lese apurado ou pechase o libro, o neno caería de golpe e poderíase matar.

Arquivo Chaira: Información de Corsina Prado, Campelas, Ríoaveso, Vilalba





## Tártalo

Ser semellante e con moitas características en común co tardo, trasno e o demo burlón. Baixo de estatura, nariz chato, cornos pequenos na cabeza e pezuños nos pés. Como os seus parentes é transformista e enredante. Actúa xeralmente dentro das casas e goza facendo burla dos seus moradores.

Pode tomar figura de animais como o cabalo ou a ovella e soe aparecerse no medio dos camiños. Tamén adoita simular ruidos na noite para amolar aos que dormen ou transfigurase en touro de madeira. No País Vasco chámase así a un xigante, antropófago e terrorífico.

Alonso, María: *De mouras, tártalos e acompañamentos: un estudo da tradición oral da parroquia de Coruxo (Vigo)*, Madrygal 2011, nº 14



## A flor da malva

A flor de malva sigue no transcurso do día a dirección do sol. As follas en infusión recoméndanse para os propensos a asustarse. A semente ten poder afrodisíaco. Tamén se di de alguén que morre que vai criar malvas en alusión a abundancia destas plantas nos antigos campos.

Nalgúns lugares de Galicia durante a cea de Noiteboa poñíanse en auga flores de malva que fosen recollidas na madrugada do día de San Xoán. A pesar de estaren xa mirradas á mañá seguinte, a do 25, aparecen tersas, frescas e recedentes coma acabadas de cortar.

Taboada Chivite, X.: *La navidad gallega y su ritualidad*, en *Ritos y creencias gallegas*, A Coruña, 1980



## A ilha da Ínsua

Pertence a Portugal e está entre A Guarda (Galiza) e Caminha (Portugal), na desembocadura do río Miño. Alí non hai ratos nin animais pezoñentos. Nela houbo un mosteiro rexentado por franciscanos galegos en cuxo interior non se escoitaba o bruar do mar nos días de temporal. Daquela, entre outros prodixios que alí sucedían, cóntase que os coios impulsados polos ventos do Atlántico non ferían a ninguén pois as pedras mantiñáanse suspendidas no aire, agardando que os frades se apartasen da súa traxectoria.

Duro Bouça, P.: *Contos e lendas luso-galaicas do Río Minho*, Vila Nova de Cerveira, 2009



## A batalla da fin do mundo

Unha gran preocupación humana é saber por adiantado cando se acabará o mundo tras incumprirse o prognóstico anunciado por Xesús Cristo ao expirar: "Aí te quedas mundo, para mil e tantos que a dous mil non chegarás". Tamén se fala dos sinais que o anunciarán. Os astros e as estrelas andarán sen rumbo e cambiarán de lugar. Virán pestes, guerras, fames, secarán as fontes e as plantas, non nacerán criaturas de animais nin de persoas, padeceremos enfermidades descoñecidas, choverá sangue e un diluvio de lume, a imitación do de auga, prenderá un incendio que abrasará a Terra.

Texto elaborado por Galicia Encantada



## Sabía que...

Para desadormecer os pés, segundo Ruth M<sup>a</sup> Fernández, de Pousada, Maside (Ourense), hai que recitar a seguinte oración: *Desadormécete pé / que te hei levar ó San Tomé, / e cun carriño de toxos / heiche curar os ósos.*

Para curar as cambras, segundo Manuel Vázquez, de Carballedo (Lugo), hai que atar as pernas cun cordón de lá encarnada e aseguralo con nove nós, e segundo Eva Diéguez, de Boborás (Ourense), hai que poñer debaixo da almofada un anaco de sobreira.

Para non se marear cando se viaxa en coche abonda con levar na boca un garavanzo.



## Cachiquimbra

San Salvador de Cachiquimbra estaba no Outeiro de Rubiós, San Lourenzo de Cañón, en Celanova (Ourense), ata que os veciños do castro Furriolo atacaron. Morreron 11.000 cachiquimbrenses e moitos dos atacantes. Rematada a conquista, uns soldados foron descansar á beira dunha poza e sentaron nunha trabe. Mais a trabe rebuliu, era unha serpe adurmiñada. Os soldados disparáronlle pero tiña tan dura a pel que non a furaban as balas.

Entón un dos soldados puxo un anaco da propia carne da serpe na punta dunha corda, deulla a comer e cando lle entrou nas gortexas ataron a corda a un penedo. A pouco que tirou, a serpe esganou e morreu.

Catálogo dos castros galegos, revista Nós, nº 61, 1929



## Sección de Literatura Oral

A sección de Literatura Oral da AELG (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega) ofrece, con acceso totalmente libre, un inmenso arquivo da nosa cultura popular.

Contén as actas de todas as Xornadas de Literatura de Tradición Oral desde 2008 a 2024, varios centos de gravacións do proxecto Polafías que se desenvolveu por toda Galicia, así como entrevistas con todas as Mestras e Mestres da Memoria, diploma que concede a AELG para distinguir a persoas sobranceiras como transmisoras da cultura popular galega, preferentemente a través da oralidade.

Enlace: <https://www.aelg.gal/Polafias/>



## As amantes de Hamlet

Partindo da diversidade que nos ofrece a nosa tradición mítico-lendaria queremos ofrecer unha visión ou perspectiva desde xéneros literarios que asentan sobre alicerces creativos aparentemente distantes.

Como mostra, ofrecemos un breve poema da obra 'As amantes de Hamlet', escolma de poemas inspirados nas lendas de Mougás, Oia (Pontevedra), da autoría de Marta Dacosta:

*Trouxo atrás dela as eguas da Groba / amamos os seus lombos nus / carne sobre carne / vento / vento que nos peitea mentres lembramos as fuxidas.*



## A maldición da fábrica

No que foi mosteiro bieito de Santantoiño, Santa María da Capela, Toques (A Coruña), abandonado no ano 1821, os monxes utilizaron a enerxía hidráulica do rego para os seus muiños e unha vez abandonado instalouse nas dependencias unha fábrica de puntas e arames coñecida como "Unión Gallega".

Esta fábrica durou pouco tempo pois en 1885 xa estaba pechada. Ao parecer, a fábrica tiña unha maldición pois o dono, un francés impío, era masón e: "...cando o cura dicía misa, eles botaban a fábrica a andar e tremía todo, ata o cura tiña un cáliz coa base moi pesada para que se mantivese ergueito no altar".

Información de Xurxo Broz e Cristina Vázquez, de Melide (A Coruña)





LIBRO X

**Galicia Encantada**

O PAÍS DAS MIL E UNHA FANTASÍAS

Edición de Antonio Reigosa



Edición de Antonio Reigosa

**Guía de campo  
da Galicia Encantada**

Dos seres míticos e dos lugares que habitan

**O espírito de GE**

**N**a páxina de inicio dise, a modo de resumo do espírito que nos guía e do que se pretende con este proxecto, que "Galicia é un país habitado por homes e mulleres de carne e óso pero tamén por seres que bolen nun mundo fantástico ou encantado, e tamén real, coma o noso". Aquí atoparás a historia da Galicia imaxinaria, mitos, lendas, ritos, contos, romances e aventuras que se resisten ao esquecemento e que seguen vivindo na nosa memoria colectiva. Desta nosa veciñanza, herdeira das nosas máis vellas fantasías, procuramos as pegadas, describimos as súas figuras, desmascaramos e seguímoslos ata os seus escondedoiros. Para saber quen e como son só tedes que buscalos nesta enciclopedia; escribide o seu nome ou o do lugar onde sospeitades que se atopan e ...!".

*Galicia Encantada* naceu para, grazas ás novas tecnoloxías, tentar facer visible, máis alá do medio onde se expresa e representa, a nosa cultura po-

# INTRAHISTORIA DA GALICIA ENCANTADA

**Antonio Reigosa**

Creador e mantedor da enciclopedia da fantasía popular de Galicia

A enciclopedia *Galicia Encantada* trata de facilitar o seu uso, poñendo a disposición das persoas interesadas recursos e ferramentas diversas. Obviamente, e dada a natureza limitada do proxecto, sempre serán insuficientes. Cremos, iso si, que máis vale facer, aínda que sexa pouco, ca deixar pasar a oportunidade de salvar un mínimo retrinco de memoria.

ular. Algo conseguimos neste tempo, a pesar de sermos un proxecto limitado, sen ningunha financiación pública nin privada pero coa vontade de mantermos activos por un tempo máis.

*Galicia Encantada* como proxecto colaborativo débelle eterno agradecemento a todas as persoas que desde os inicios apoiaron e contribuíron decisivamente a que chegase a facer 20 anos.

De seguido comentamos algúns dos apartados nos que se organiza a web, así como algúns dos proxectos que naceron ou se inspiraron nos seus contidos.

**Categorías**

A web organízase en 33 categorías atendendo a enunciados como a morte, o alén, augas, astroloxía, heroes, a medicina, os ritos, a fauna ou a flora, a literatura, a mitoloxía relixiosa, o lume, o calendario popular, pedras, demo, seres míticos, lendas urbanas, publicacións, toponimia, xogos, ...etc. Nestas e noutras categorías inclúense os documentos atendendo ao tema principal, aínda que, como é obvio, ao tratarse dunha ma-



**Capas de 'Galicia Encantada. O país das mil e unha fantasías' e 'Guía de campo da Galicia Encantada'.** / Xerais

tería susceptible de adscribirse a diferentes clasificacións, moitos dos documentos incorporados aparecen en varios destes apartados. Na actualidade o número de documentos incorporados supera amplamente os tres milleiros.

### Aulas do imaxinario

Para facilitar a participación do mundo do ensino no proxecto creouse un apartado específico que denominamos "Aulas do imaxinario".

Así que se es parte do profesorado ou se coordinas algún grupo escolar ou colectivo con quenenza polos temas que nos interesan en *Galicia Encantada* (lendas, contos, romances, ritos...), apúntate. Usa o noso formulario, envíanos as vosas descubertas e comparte os vosos descubrimentos e investigacións, en calquera formato (textos, fotos, vídeos, PDF ...), para que saibamos do patrimonio inmaterial da vosa contorna.

### Revista dixital

Desde o ano 2005 ofrecemos a posibilidade de publicar ou re-publicar artigos (en caso de que se publicasen previamente noutros medios) sobre calquera aspecto do patrimonio inmaterial galego. Nesta sección contamos con traballos de grande interese da autoría de especialistas moi recoñecidos. A revista dispón do correspondente ISSN número internacional normalizado de publicacións periódicas, código recoñecido internacionalmente o que permite unha identificación segura e fiable da publicación. Neste caso correspóndelle o ISSN 1887-2859.

### Artigos sobre GE

Ao longo destas dúas décadas varias revistas especializadas en diferentes temáticas acolleron artigos sobre GE dos que destacamos os seguintes.

En 2006, dentro do monográfico editado pola Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo, *Cultura tradicional e desenvolvemento rural*, publicouse "O proxecto *Galicia Encantada*: a

web da fantasía popular de Galicia". En 2007, en *Murguía*, a revista galega de historia que edita a Asociación Galega de Historiadores publicouse o artigo titulado *Galicia encantada: fantasías na rede e en Culturas populares*, editada pola Universidade de Alcalá, *Galicia encantada. Enciclopedia da fantasía popular de Galicia. Un porvir para a tradición*.

En 2008, no nº 41 da *Revista galega de educación* que edita Nova Escola Galega, "Novos formatos para divulgar literatura oral".

En 2012 dentro do monográfico *Palabra viva: Galiza e Hispanoamérica*, editado pola Universidade de Santiago, o artigo "A literatura oral en internet: *Galicia Encantada*", e en 2013, en *Materiais didácticos e experiencias educativas dende a práctica docente. Reflexións e exemplos de boas prácticas*, edición de Toxosoutos, "*Galicia Encantada. Un recurso interactivo*".

### Libros

Ao longo destes 20 anos publicamos catro libros que usaron como fonte documental principal a enciclopedia virtual. En 2015 publicamos *Galicia Encantada. O país das mil e unha fantasías* dentro da colección LibroX de Xerais. Celebrábase así o décimo aniversario na rede e dedicámolo "con estima e gratitude" ás todas as persoas que viñeran colaborando desde os inicios. Este libro conta cun excelente prólogo de Xabier P. DoCampo onde reflexiona coa súa clarividencia característica sobre o feito de narrar historias. Conta con 104 relatos (mitos, lendas, contos...) organizados en 28 capítulos temáticos.

En 2020 publicamos *Guía de campo da Galicia Encantada. Dos seres míticos e dos lugares que habitan* dentro da colección LibroX de Xerais. Nesta ocasión, amais de conmemorar o décimo quinto aniversario da web, o que se pretendeu foi ofrecer a lectores e lectoras, especialmente ao mundo escolar, unha ferramenta que lles resultase útil para investigar arredor do noso imaxinario popular tradicional.

Consta de 121 relatos mítico-lendarios, organizados en 22 categorías ou capítulos, aos



Capa de 'Lugo de lenda'. / Edicións Embora

**'GALICIA ENCANTADA' COMO PROXECTO COLABORATIVO DÉBELLE ETERNO AGRADECIMENTO A TODAS AS PERSOAS QUE DESDE OS INICIOS APOJARON E CONTRIBUÍRON DECISIVAMENTE A QUE CHEGASE A FACER 20 ANOS**

que se engade unha proposta didáctica titulada "Síguelles o rastro!" con recomendacións e modelos para traballar na detección, clasificación, organización e difusión do noso patrimonio inmaterial. Ambas publicacións van ilustradas con fermosas imaxes de Noemí López.

A estes libros seguíronlle *Cen historias máxicas pola Mariña Encantada. Antoloxía de encantos, milagres, seres e lugares lendarios da Mariña lucense*, edición de Lar libros en 2020 con magníficas ilustracións do artista viveirense, Neira Brochs. Contén, como indica o título, 100 relatos lendarios distribuídos polos 15 concellos nos que se dividen as tres comarcas mariñas do norte da provincia de Lugo. Tras esta obra publicouse *Lugo de lenda*, Ed. Embora, 2022, que contén unha ampla mostra con 81 textos lendarios de 66 concellos dos 67 (agás Rábade) en que se divide a provincia de Lugo.

### 'Envía unha lenda' (como colaborar con GE)

GE sempre ten sempre aberta a porta ás colaboracións. Disponemos dun formulario baixo o epígrafe 'Envía unha lenda' a

través do que, tras a introdución dos correspondentes datos identificativos, calquera persoa que o desexe pode remitir textos que unha vez recibidos e tratados se subirán á web para goce e disfrute de quen nos visita e consulta. Unha oportunidade para intercambiar saberes que nos beneficia colectivamente.

### GE como fonte de inspiración creativa

Os contidos de *Galicia Encantada* foron e seguen sendo fonte de inspiración para numerosos proxectos. Dos que nos foi notificada información ou se nos solicitou autorización sabemos que varios están relacionados coa creación audiovisual e artística. Así mesmo, temos coñecemento de numerosos traballos escolares e mesmo universitarios, tanto de fin de grao como de mestrado, que se apoiaron documentalmente nesta enciclopedia.

Amais do antedito, GE tivo ampla repercusión mediática que se pode rastrexar en diferentes medios e plataformas en liña de ampla difusión (radio, televisión, prensa escrita e dixital, publicacións escolares...) nos que foron aparecendo regularmente informacións, colaboracións, entrevistas e artigos de opinión.

### Premios


Temos que celebrar que durante este tempo fosemos agasallados con varios recoñecementos que moito estimamos. A asociación María Castaña con sede en Lugo (xa extinta desgraciadamente) concedeu-nos en 2006 o seu premio na modalidade de Comunicación.

En 2013 a Federación de Libreiros de Galicia, acordou concedernos o premio Irmandade do Libro 2013, modalidade de Fomento á Lectura.

En 2015 o Festival Atlántica homenaxeounos nun acto celebrado no Museo do Pobo Galego e en 2021 recibimos o premio Follas Novas do Libro Galego, na modalidade 'Proxecto literario na rede' por "Unha proxecto cunha traxectoria sostida durante moitos anos con recursos limitado pero que fornece de material dos imaxinarios galegos a toda a sociedade, ofrecendo divulgación e información".

A todas e todos, infinito agradecemento.





Lugar máis fermoso  
no mundo n'hachara  
que aquel de Galicia,  
¡Galicia encantada!

Rosalía de Castro